UNIDADE DIDÁCTICA 6: GALICIA, DA RESTAURACIÓN Á GUERRA CIVIL (1874-1936)

ÍNDICE

1. A RESTAURACIÓN EN GALICIA: SISTEMA DE QUENDAS, FAMILIAS POLÍTICAS E REDES CACIQUÍS (1874-1923)
1.1. A armazón institucional da Restauración
1.2. Unhas eleccións controladas por familias políticas
1.3. O clientelismo político
1.4. Un sistema cunha fortaleza limitada
2. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA E A FIN DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN
3. A II REPÚBLICA (1931-1936)
3.1. A chegada do réxime republicano
3.2. O subsistema dos partidos políticos galegos
3.2.1. Monárquicos e falanxistas
3.2.2. As forzas da dereita
3.2.3. As forzas republicanas
3.2.4. Os partidos obreiros
3.2.5. O nacionalismo
3.3. A evolución política na II República
3.3.1. O primeiro bienio
3.3.2. O bienio de dereitas
3.3.3. As eleccións de 1936
4. A SUBLEVACIÓN MILITAR
4.1. A conspiración contra a República
4.2. O alzamento
5. OS MOVEMENTOS POLÍTICOS E SOCIAIS EN GALICIA (1873-1936)
5.1. O movemento obreiro en Galicia
5.2. O agrarismo e a sociedade campesiña en Galicia
5.3. Do galeguismo ao nacionalismo
5.3.1. O Rexionalismo
5.3.2. A Solidariedade Galega
5.3.3. As Irmandades da Fala
5.3.4. O Partido Galeguista
6. BIBLIOGRAFÍA

1. A RESTAURACIÓN EN GALICIA: SISTEMA DE QUENDAS, FAMILIAS POLÍTICAS E REDES CACIQUÍS (1874-1923)

Un novo golpe de Estado, esta vez liderado polo xeneral Pavía, pon fin a unha etapa política na España contemporánea. Despois dun curto período de transición será un novo xeneral, Martínez Campos, quen proclame a volta da monarquía, o que é outra boa proba do peso dos militares na vida política española no s. XIX e grande parte do XX.

O novo réxime, denominado *Restauración,* vaise desenvolver da fin do Sexenio Democrático (decembro de 1874) ao ano 1923, tendo o seu corolario na Ditadura de Primo de Rivera e no curto período de transición que a sucede até as eleccións municipais de abril de 1931, que supoñen a caída da monarquía en España. Esta longa etapa histórica vai estar caracterizada por unha estabilidade constitucional na España "oficial", fronte aos profundos cambios que se van vivir na España "real", algúns deles dunha gran repercusión en Galicia, sobre todo os que afectan ao rural, ou a aparición do sector industrial arredor da industria conserveira, así como e a formación de movementos sociais e políticos novos, como o agrarismo e o nacionalismo. Mais a estrutura política manterase esencialmente sen modificacións até a ditadura de Primo de Rivera.

A volta dos Borbóns con Afonso XII, co importante papel que vai xogar coma eixe do sistema político ideado por Cánovas, non supón que esteamos ante unha continuación da época isabelina, despois da paréntese democrática do Sexenio. Durante estes anos producíranse unha serie de cambios que facían inviable a volta sen máis á anterior situación:

- Unha nova xeración política galega abrirase paso, composta principalmente por novos profesionais, comerciantes, pequenos industriais ou técnicos vinculados ao negocio ferroviario, pertences ao eido urbano.
- O Sexenio foi unha época dunha importante mobilización política, activándose a vida local, onde existiu unha pluralidade política cun acusado perfil ideolóxico, entre os que destacan os progresistas e os unionistas, os liberais-conservadores e os republicanos federalistas.

1.1. A armazón institucional da Restauración

Na historiografía española dominou unha visión que identificaba este período fundamentalmente coa "oligarquía e o caciquismo", especialmente en Galicia. Na actualidade está a ser revisado este enfoque, que para algúns historiadores está marcado polos tópicos e os lugares comúns, que presentan esta etapa dun xeito "parcial e tremendista", visión simplista que partiría dos propios contemporáneos e que foi reproducida pola historiografía tradicional.

Caricatura de Cánovas e Sagasta, principais líderes da Restauración

O sistema político ideado por Cánovas ten o seu piar fundamental na figura do monarca, arredor do cal se garante a estabilidade do sistema, grazas ás atribucións que a conservadora

Constitución de 1876 lle reserva, entre as cales destaca o compartir a soberanía nacional coas Cortes, o carácter sagrado e inviolable da súa persoa, así como a xefatura do exército. Por outra banda, estaba dotado dun papel simbólico de mediación entre as diferentes forzas políticas que compoñen o sistema.

O sistema político da Restauración baseábase sobre a disputa electoral entre dúas forzas políticas, os conservadores e os liberais, que na práctica supuña que ambos os dous compartisen o poder por un **sistema de quendas**. Este sistema, que vai resultar moi estable no tempo, elimina todo viso de concorrencia electoral, convertendo a ambos os dous partidos políticos non en defensores ou representantes dunhas posturas ideolóxicas enfrontadas, senón en máquinas de control do poder que van exercer sucesivamente.

Cánovas herda e perfecciona as pautas administrativas da época isabelina, mantendo os tres piares básicos da administración local: o **goberno civil** (representante provincial do poder central), os **concellos** e as **deputacións provinciais**, cuxas atribucións e competencias van estar por riba dos seus recursos. Xunto a eles, o poder executivo controlaría a administración de xustiza, que actuaría sen autonomía. Deste xeito se xestionaría o mecanismo de reprodución do sistema político da Restauración, as eleccións.

A administración caracterizábase pola súa falta de autonomía, sendo controlado o poder local polo central, aínda que non todas as decisións se tomaban unilateralmente dende a capital estatal, senón que as elites locais tiñan o seu peso na administración municipal e provincial, mesmo no propio goberno civil.

Unha baixa mobilidade política, froito dunha forte infeudación local, é o signo máis evidente do carácter oligárquico do sistema político da Restauración. Para que este sistema funcionase, o papel dos gobernadores civís era fundamental, por dúas razóns:

- De orde funcional: as institucións locais dependían del, ademais de participar activamente nos procesos electorais.
- De orde política: era o delegado do poder central e o presidente da administración local. Mais, na práctica, estiveron sempre tanto o máis atentos a quen dominaba a política provincial máis que aos seus superiores directos.

E. Montero Ríos, líder liberal e cabeza dunha importante familia política

A administración de xustiza era a cuarta peza da armazón. Durante o Sexenio Montero Ríos procurara independizar á xustiza do poder executivo, promovendo o carácter inamovible dos xuíces e profesionalizando o acceso á carreira xudicial. Mais na Restauración abondaron as prácticas contrarias.

1.2. Unhas eleccións controladas por familias políticas

O exercicio da política na Restauración réxese por unha serie de regras que se denominan **clientelismo político**, baseado na protección, deferencia e favor, onde o caciquismo electoral é unha das súas principais manifestacións.

Os actores políticos máis importantes son os membros do Congreso dos Deputados, en tanto que sede da representación popular e centro de selección das elites gobernantes que, en moitos casos, integran posteriormente o Senado, coma senadores vitalicios ou de representación corporativa. Mais o Senado era unha

"cámara elitista", que actuaba como punto final do *cursus honorum* clásico das elites políticas da Restauración.

A representación política de Galicia dende as eleccións de 1876 até as da primavera do 1923, as últimas da Restauración, estivo monopolizada polos membros dos dous partidos dinásticos, o liberal e o conservador, xa que só en 1923 saíu elixido un deputado dun partido diferente, Luis Zulueta, do Partido Reformista, polo distrito de Redondela. Foi a tónica xeral en España, agás Cataluña, Euskadi e Navarra, onde os partidos monárquicos comezaron a perder a súa hexemonía a principios do s. XX.

Galicia contaba cunha representación en escanos que era relativamente proporcional tanto á poboación galega como ao peso demográfico do noso país no conxunto de España: 14 escanos por A Coruña, 9 en Ourense e 11 en Lugo e Pontevedra. Ao final do período (1923) haberá unha pequena sobrerrepresentación froito da perda de dinamismo demográfico e da emigración galega a América.

No cómputo total dos 21 procesos electorais amosan un lixeiro predominio dos liberais (49,2%) fronte aos conservadores (46,1%), que tiveron os seus mellores resultados ao final do período, a causa da morte do principal valedor dos liberais en Galicia, Montero Ríos. Entre ambos os dous partidos suman o 95,3% dos deputados galegos do período, sendo o resto para *cuneros* esporádicos ou membros dos corpos militares, dos que non coñecemos a adscrición política.

Esta é unha etapa caracterizada pola grande presenza de políticos galegos nos diferentes gobernos centrais, chegando a falarse de "goberno dos galegos" para referirse ao presidido por R. Fernández Villaverde (1903) onde os galegos eran máis da metade do consellos de ministros. Mais, como indica Vicente Risco, *"dende a Restauración acá, non hai ministerio en España en que falten os indispensables ministros galegos (...) ningún destes galegos foi ao ministerio para soster e defender os intereses colectivos e os dereitos do pobo galego (senón) por ambición de mando*".

Os resultados amosan a importante porcentaxe dos denominados **distritos "propios" ou enfeudados**, é dicir, os que son representados de forma continuada pola mesma persoa ou pola súa familia. Case un terzo dos escanos de todo o período foron ocupados por 26 persoas, dándose casos de 10 eleccións seguidas.

O peso dos distritos propios ou enfeudados é xeral nas catro provincias, mais destaca Pontevedra, onde grazas a un reparto relativamente equilibrado da provincia entre os dous partidos dinásticos só aparece un distrito competido e de titularidade cambiante, Lalín. En Ourense, de hexemonía conservadora, máis da metade dos distritos da provincia son propios. En Lugo, habendo un menor número de distritos enfeudados, os resultados amosan á perfección o sistema de quendas establecido neste período. Na provincia da Coruña combínase a práctica da representación estable (Santiago, Arzúa, Noia ou Padrón), con alternancias pactadas (A Coruña) ou con distintos "dispoñibles" ou abertos á competencia electoral (Ordes, Corcubión ou Ferrol).

A continuidade das mesmas persoas na elite parlamentaria revela a existencia de mecanismos de control electoral e unha certa identidade política que excede o propio marco dos partidos. Esta identidade é o que se pode considerar como "familias políticas", polo peso que as relacións de parentesco e deferencia que admiten algúns deputados a respecto dos seus patróns ou xefes políticos. Vicente Risco denominábaos "*cacicatos poderosísimos e incontrastables*". Exemplos claros son os Bugallal, que coa súa base en Ponteareas, tiñan influencia en Ourense (Celanova, Bande, O Carballiño) e mesmo en Lugo (Chantada). Tiveron dous representantes cun grande protagonismo: S. Álvarez Bugallal, ministro de Cánovas, e Gabino Bugallal, de gran protagonismo no reinado de Afonso XIII. En opinión de Risco, tiñan unha organización de perfección extraordinaria, cun poder omnímodo.

Tamén tivo unha ampla influencia política E. Montero Ríos, sobre todo durante a rexencia de María Cristina e os primeiros anos de Afonso XIII. O seu centro de gravidade situábase nas cidades de Santiago e Pontevedra, mais tiña presenza directa en tres das catro provincias galegas, controlando os distritos de Mondoñedo e Fonsagrada (Lugo), Ortigueira (de xeito continuado) e Corcubión e Muros de xeito intermitente (A Coruña). Estendía a súa influencia a través da "xenrocracia".

Houbo outras figuras importantes da política galega, cunha influencia electoral en máis dun distrito: os Gasset, a familia González Besada ou o marqués de la Vega de Armijo, moi arraigado á provincia de Pontevedra co apoio do marques de Riestra, chegando a competir con Montero Ríos.

1.3. O clientelismo político

A inexistencia dunhas verdadeiras eleccións en Galicia, entendidas coma contendas electorais entre candidatos de diferentes posicións políticas, foi obxecto de posicionamentos e análises diferenciados:

- Existiu en Galicia un dominio clientelar, froito do caciquismo rural, que se valía dos recursos da administración para remunerar ("favores") o apoio recibido ("votos"). Esta explicación, que procede da tradición rexeneracionista, trasladouse, polo menos parcialmente, á historiografía política española dos anos 60 aos 80.
- Existiría un pacto entre a administración central e os poderes locais, non só unha imposición dende o goberno central, que explicaría os resultados electorais. Así, as eleccións non serían máis que unha das manifestacións deste pacto. O propio sistema tributario mostra a capacidade de manobra que tiñan os poderes periféricos fronte ao central, coa capacidade para confeccionar os repartimentos sobre os que se establece a cota contributiva, como na gradación dos impostos indirectos como os "consumos". Neste sentido habería que incluír, como di R. Villares, a reflexión da viñeta de Castelao onde se pregunta se non sería máis acertado dicir que "o goberno é representante dos caciques" máis que "os caciques son os representantes do goberno".

Emilia Pardo Bazán

A visión clásica de Galicia como expresión do caciquismo aparece en destacados contemporáneos, como Emilia Pardo Bazán (para o que di inspirarse para moitos dos personaxes de *Los Pazos de Ulloa*) ou de Lamas Carvajal, sendo asumida posteriormente polos nacionalistas das *Irmandades da Fala* e da xeración *Nós*. Así entendemos o posicionamento de Vicente Risco, que declara que "*as eleccións galegas fanse no Ministerio de Gobernación*", grazas a unha perfecta organización caciquil.

Mais os recentes estudos históricos impiden asumir na súa totalidade este enfoque. A capacidade de manobra das elites locais era enorme, tanto para controlar o proceso electoral, como, sobre todo, cando se trataba de escoller o candidato ou regular a súa substitución. Son os electores os que seleccionan ao seu "protector" e non ao revés. Deste xeito, temos exemplos como a elección do conde de Pallares para o distrito de Mondoñedo, ou na petición de que o fillo de Montero Ríos substitúa a García Prieto como representante de Santiago.

Por outra banda, continúase a debater sobre outros dos aspectos chave do sistema electoral da Restauración:

- Cal é o peso dos **distritos "enfeudados"** en Galicia? Como era o grao de mobilización ou desmobilización do electorado? A porcentaxe de distritos "propios" ou "enfeudados" creceu en Galicia durante a Restauración até acadar o 60%. O sistema clientelar non favorecía a realización dunhas verdadeiras eleccións nin fomentaba procedementos de socialización política, malia a intención da Lei Electoral de A. Maura. Os autores non se poñen dacordo sobre a utilización do artigo 29 desa Lei, onde se evitaba a elección en distritos onde só houbese un candidato. Mentres hai quen defende que malia ser moi practicado nalgunhas rexións mais en Galicia, só afectou a menos dun terzo do total, sendo na metade dos casos na provincia de Pontevedra, Barreiro, no reconto das eleccións de 1910, fala de máis da metade da poboación que non puido exercer o seu dereito a voto por este artigo, sendo a totalidade do electorado en Pontevedra. R. Villares, pola súa banda, insiste en que a desmobilización do electorado debe tomarse máis coma un síntoma doutros problemas do sistema que como a causa universal que explica os resultados electorais.
- O fenómeno do "*encasillado*" ou do "***cunerismo***". Esta práctica era vista como o máis claro exemplo do exercicio da política dende arriba, en sentido "descendente". Sería elixido para un distrito un descoñecido que non sabe nada del e que, posiblemente, non visitara nunca con anterioridade, sendo elixido só co apoio do Ministerio de Gobernación. Mais en Galicia máis do 60% dos deputados elixidos representaba á rexión en que nacera.

A política da Restauración estaba chea de pactos a escala local, na que os deputados de cada distrito debían ser moi sensibles, xa que daban conta das xestións que se lles encomendan dende o distrito. Era o resultado dun sistema que se baseaba na reprodución da influencia política polo uso discrecional dos recursos da Administración pública.

1.4. Un sistema cunha fortaleza limitada

Os rexeneracionistas subestimaron a fortaleza dun sistema que acabou por sobrevivir á morte do rei, a unha nova rexencia, ao "Desastre" do 98, á morte dos seus ideólogos, á Primeira Guerra Mundial e a repetidas crises económicas. Mais a oligarquía dominante non foi consciente das fendas que se abrían no propio sistema e que se comprobaban na aparición de novas formas de facer política e de novos partidos políticos, destacando en Galicia o agrarismo. Das correntes políticas non restauracionistas, destacan:

- O **carlismo**. Derrotado en 1876, non foi capaz de transformar en corrente política o difuso pero notable apoio popular do que gozaba. Con líderes destacados, sufriu fondas divisións internas, sendo incapaces de lograr unha acta parlamentaria en Galicia. Os seus efectivos acabarán por se integrar, en moitos casos, no rexionalismo a través de Brañas e logo na Solidariedade Galega en 1907.
- Os **republicanos**. Gañaran as eleccións de 1873, aínda que coa escasa participación das outras forzas políticas. Os gobernos da Restauración esforzáronse por desarticular as organizacións políticas republicanas, promovendo unha imaxe negativa do período da I República como unha época de caos e anarquía, ao mesmo tempo que impedían o acceso das ideas republicanas á universidade. En Galicia, onde dominaba a tendencia federal, houbo unha grande división entre os líderes políticos republicanos. En toda a Restauración só foi elixido un republicano reformista en 1923. Mais na cidade da Coruña, dende mediados dos anos 80 até 1923, a maioría dos concelleiros foron republicanos, agás o alcalde, elixido polo goberno. As razóns do éxito

foron a súa capacidade para se organizar nun único partido, ademais da tradición cultural de carácter non só liberal, senón tamén laica, que arraigara na cidade dende principios do s. XIX (co importante papel das loxias masónicas). A súa fortaleza foi a súa debilidade, xa se configurou coma unha illa dentro de Galicia, onde careceu de apoios.

- O **agrarismo**. De grande importancia dende finais do s. XIX, segundo R. Villares foi unha expresión difusa do rexeneracionismo finisecular e da chegada das masas (campesiñas e non urbanas) á vida pública. Careceu de organización e caracterizouse pola súa grande fragmentación ideolóxica, centrando os seus esforzos en reivindicacións sociais e económicas, mais que de transformación política do sistema. Con todo, influíu nos partidos de quendas, que modificaron parcialmente o seu discurso e buscaron alianzas con ligas e sociedades agrarias. Mais non tiveron moito peso até a chegada da ditadura.

2. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA E A FIN DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN

A Ditadura de Primo de Rivera preséntasenos como o corolario final do período da Restauración. Cun sistema político acabado, sen ningunha posibilidade de reactivación interior, unha tentativa de goberno autoritario aplaudise como a única posibilidade para manter un sistema baseado na Monarquía. Mais resultou un período que só adiou oito anos a chegada da II República.

O programa de acción de Primo de Rivera era verdadeiramente simple e contaba cun grande respaldo popular: orde social, combate ao caciquismo e reorganización da política. Como dixemos, viuse nesta saída autoritaria de base corporativa a única oportunidade de iniciar "una política nova" que puxese fin ao réxime canovista de liberalismo oligárquico.

As primeiras medidas do ditador foron suprimir os vellos partidos, pechar as cámaras parlamentarias, perseguindo os líderes destacados do vello sistema, ao tempo que constituía uns novos órganos de poder local e provincial, entregando os concellos e deputacións a un novo persoal político, mentres que os gobernos civís eran desempeñados por militares, entendidos como politicamente "neutros". Foi a primeira grande renovación das elites políticas da España do s. XX, unha anticipación do franquismo.

En Galicia foron desprazados os tradicionais caciques. A retórica rexeneracionista de que cumpría limpar a política tivo unha grande aceptación popular, mesmo dende os sectores máis nacionalistas. Mais este entusiasmo durou pouco: Risco, que colaborara coa ditadura nos primeiros momentos, rexéitao ao ver quen constituían as novas elites políticas. En Galicia o réxime de Primo de Rivera sustentarase en tres piares sociopolíticos: os agrarios, os *mauristas* e os rexionalistas, aos que temporalmente se unirán os nacionalistas conservadores. Un dos nexos máis fortes entre estes grupos foi o catolicismo, mesmo entre os agrarios, porque foi nos

sindicatos e organizacións católicas onde se recrutou a grande parte das elites políticas do réxime.

O protagonismo dos rexionalistas foi efémero, porque ante o fracaso de crear unha Mancomunidade galega, ao estilo da catalá, estes abandonaron de inmediato o apoio ao réxime. Foron os *mauristas*, formados por mozos católicos non implicados na política do aquendamento quen, xunto os católicos, sexan o fundamento do réxime primoriverista. Tiñan un certo aire rexionalista, sendo a personalidade máis emblemática José Calvo Sotelo, que vai acompañar como ministro durante toda a ditadura, exercendo unha grande influencia en Galicia, en especial na provincia de Ourense.

A falta de vertebración organizativa e o pluralismo ideolóxico facilitou a incorporación dos agraristas ao réxime ditatorial, onde os católicos van xogar un papel destacado, chegando a constituír importantes Federacións Católico-Agrarias, vinculadas a algunhas capitais episcopais (Santiago, Lugo, Tui ou Mondoñedo).

O segundo grande aporte foron a chegada de emigrantes, que participaron activamente na vida municipal, en moitos casos como alcaldes designados polo goberno civil, como comprobou o historiador Núñez Seixas. Aínda que co paso do tempo a ditadura foi perdendo apoios, a adhesión do mundo rural a Primo de Rivera foi bastante xeneralizada, como anticipo do "fascismo agrario" que caracteriza o primeiro franquismo. Unha das razóns é a política agraria desenvolvida: solventou o problema da redención de foros (coa indemnización do foreiro ao forista), promovendo accións sobre os bens comunais, ou co impulso á construción de matadoiros frigoríficos (O Porriño).

O órgano político da ditadura foi a Unión Patriótica, simulacro de partido único, formado principalmente por cargos públicos da administración local e profesionais liberais, que non lograron arraigar socialmente en Galicia.

A popularidade do ditador e do réxime foi grande, pero tivo unha escasa capacidade para artellar novas bases políticas sobre as que apoiarse. O seu principal éxito foi rachar as redes caciquís, mais non conseguiu formar un partido político.

A partir de 1930 o panorama político galego evolucionou nunha dirección netamente republicana e autonomista. O republicanismo avanzou nas cidades e vilas de Galicia. Ao mesmo tempo apareceron novos dirixentes, como Casares Quiroga e Abade Conde, no ámbito republicano, ou Castelao e Paz Andrade, no galeguista, que se converterán nos puntos de referencia da vida política galega. Mentres Calvo Sotelo reorganizaba a súas bases ourensás.

3. A II REPÚBLICA (1931-1936)

Galicia acolleu con gozo a experiencia democratizadora republicana, mais non foi allea as dificultades as que se enfrontou: non se mudaron os modelos de participación política, continuouse coa manipulación do sufraxio que impedía a libre confrontación política. Ademais, afectoulle a conxuntura internacional, en especial polas restricións dos países latinoamericanos á inmigración, como pola volta de emigrantes que non traían máis capital que a súa experiencia política e societaria adquirida en ultramar. Mais os cambios operados neste quinquenio van ser enormes.

3.1. A chegada do réxime republicano

A chegada da crise económica, os límites impostos á descentralización, co freo a calquera aspiración autonomista, o desexo de perpetuarse no poder por parte do ditador, deron azos aos detractores de Primo de Rivera. Os grupos republicanos, a tupida rede clientelar, sometida mais non desaparecida, ou o propio estudantado universitario comeza a se manifestar contra as decisións erráticas do réxime.

Finalmente será o propio exército quen abandone ao xeneral, procedéndose á convocatoria das eleccións do 12 de abril de 1931.

As eleccións non colleron de sorpresa ás forzas monárquicas, que puxeron en marcha a súa rede caciquil, cos vellos oligarcas utilizando os seus recursos para conseguir a manipulación do voto.

Os historiadores non se poñen de acordo co cómputo total dos resultados destas eleccións municipais. Existe un problema claro para determinar con claridade cal era a filiación dos "agrarios" e independentes. Un exemplo claro son os casos de Vigo e Pontevedra. Por outra banda, houbo un grande número de deputados elixidos polo artigo 29, mais a abstención foi menor nas provincias do interior, onde os sectores monárquicos obtiveron os mellores resultados.

Con todo, os republicanos saen á rúa para celebrar a vitoria, clara nas grandes cidades, e non agardan até o prazo legal para relevar as corporacións, que son substituídas o mesmo día 14. No rural, onde non houbo grandes mobilizacións, a fórmula seguida foi a que se empregou na capital lucense: presentar protestas e reclamacións contra a aplicación do artigo 29 a causa da presión caciquil; un delegado gobernativo procedía a destituír á xestora monárquica e nomeaba unha nova. Buscábase republicanos "incontaminados" ou persoas que viñan do réxime anterior que souberon gañarse o favor do poder central. Deste xeito explícase a rápida expansión da ORGA (Organización Republicana Gallega), creada por Casares Quiroga, aínda que vai ter problemas para se expandir por Ourense, onde os reciclados dos partidos monárquicos buscan acubillo cos lerrouxistas.

3.2. O subsistema dos partidos políticos galegos

O sistema de partidos políticos existente en Galicia durante a II República presenta unhas características propias que o diferencian do resto do Estado. Por unha banda existe unha desigual distribución dos apoios electorais das diferentes formacións (cun predomino da esquerda nas provincias litorais fronte a un predominio conservador en Lugo e Ourense), así como a presenza da ORGA e do PG.

3.2.1. Monárquicos e falanxistas

- *Renovación Española.* Partido formado arredor da figura de Calvo Sotelo, que en Galicia aglutinou a grande parte da dereita monárquica e autoritaria. Volto do exilio, promove un discurso tinxido dun forte nacionalismo español, de esencias totalitarias, cun modelo de Estado intervencionista e corporativista para superar o capitalismo liberal e crise. En Galicia obtivo 7 deputados en 1933, mais o partido contou cunha escasa organización, xirando arredor da personalidade dos líderes e incidindo nas redes clientelares.
- *Falange Española de las JONS.* Nos primeiros anos a súa existencia é case que testemuñal, non crecendo até a presenza de José Antonio no acto fundacional da sección galega en Vilagarcía (1935). Atraeu a máis simpatizantes a partir da vitoria da Fronte Popular e caracterizouse polas súas actividades violentas, co asasinato de militantes de esquerdas.
- A *Comunión Tradionalista.* Forza practicamente testemuñal, mais que vai participar activamente na conspiración militar.

3.2.2. As forzas da dereita

A caída da monarquía puxo de manifesto a incapacidade dos sectores conservadores para artellar un proxecto conxunto capaz de defender, dentro do sistema republicano, os intereses dunha ampla capa da poboación española. Foron os

sectores católicos quen artellaron a mobilización, en base de meter no debate político a cuestión relixiosa, na busca de captar os sectores moderados republicanos.

- *Unión Regional de Derechas* (URD). Versión galega do partido conservador que no Estado adopta diferentes denominacións (Acción Nacional, Acción Popular, CEDA). Cunha grande desconfianza entre os seus líderes, dilatouse o proceso de unión. Arredor de figuras coma Gil Casares, Vázquez Gundín ou Lis Quibén, tiveron un apoio maior nas provincias occidentais que nas de interior, onde tiña máis peso a forma de Calvo Sotelo. Nos comicios de 1933 van obter 9 actas parlamentarias, un gran éxito, mais que vai descabezar á formación xa que os elixidos marchan a Madrid. Malia os esforzos propagandísticos despregados, en 1936 só acadarán 8 deputados, asistindo a unha continua sangría de apoios católicos, que se desprazan cara a RE e a Falanxe.
-

3.2.3. As forzas republicanas

Santiago Casares Quiroga

- *A ORGA-Partido Republicano Gallego* (PRG): Foi a forza republicana que xogou o papel máis destacado na aparición do réxime republicano. Nace en 1929 da confluencia das forzas de Antón Vilar Ponte e Santiago Quiroga Casares, que se concreta no seu "Manifiesto al país Gallego". Os obxectivos eran a instauración dunha república democrática, a concesión dun réxime autonómico para Galicia. Busca representar os intereses da pequena burguesía e das clases medias galegas. Foi un clásico partido de notables, cunha estrutura organizativa moi limitada e fortemente xerarquizada arredor do líder. Tivo unha maior implantación na Coruña, seguido de Pontevedra, sendo inferior en Lugo e case testemuñal en Ourense. A dificultade para unir os dous obxectivos cos que nacera quedaron patentes. En 1930 créase a Federación Republicana Gallega (FRG) e Quiroga Casares, en representación, participa no *Pacto de San Sebastián*, unha xuntanza das forzas republicanas. A imposibilidade de conciliar o proxecto autonomista coa promoción a altos postos dentro da República motivou a ruptura. Cando apareza o PG, a ORGA transformarase no PRG, da que se escindirá a organización pontevedresa en 1934, cuns malos resultados electorais. Posteriormente integraranse en "*Izquierda Republicana*" (IR), obtendo a vitoria e pasando Casares Quiroga a desempeñar o posto Ministro de Obras Públicas e posteriormente de presidente do Consello de Ministros.
- O *Partido Radical* (PR). A forza política de Lerroux tivo uns sólidos apoios en Galicia grazas ao traballo de importantes personalidades, entre as que destaca Basilio Álvarez quen captou para o radicalismo un importante sector do agrarismo. Configuraban unha alternativa republicana de matiz centrista, antigaleguista e cun marcado cariz anticlerical. Pretendía representar os intereses da burguesía industrial e mercantil, así como dos propietarios agrícolas de orientación republicana. Non pasou de ser un partido de notables, marcados pola forte personalidade do seu líder. Van ter grandes resultados nas provincias do interior, froito do manexo das redes clientelares. Os seus

representantes van ser perseguidos pola corrupción e en 1936 só obterán un único deputado pola circunscrición ourensá.

- O *Partido Republicano Radical-Socialista* (PRRS). Partido de notables que non conseguiu facerse un oco entre os partidos republicanos de esquerda en Galicia. Urbano e elitistista, buscou o seu oco radicalizando as posicións de esquerda e anticlericais, opóndose no primeiro bienio ao Estatuto. Sufriu a crise do conxunto do Estado, acabándose por integrar en IR, xogando un papel na formación da Fronte Popular.

3.2.4. Os partidos obreiros

- O *Partido Socialista Obrero Español* (PSOE). Presente en Galicia dende 1891, cando se fundan as súas sedes no Ferrol, A Coruña, Santiago e Vigo, a súa expansión foi ligada á da UGT. Non se viron afectados polo seu apoio á ditadura e, aínda que non acudiron ao *Pacto de Lestrove*, implicáronse activamente nas campañas antimonárquicas e participaron conxuntamente coas outras forzas republicanas nas eleccións do 1931, conseguindo uns bos resultados (8 actas), cunha nula presenza no ámbito rural. O desgaste da coalición gobernante vai supor unha progresiva radicalización das posicións socialistas, que se acrecenta co fracaso das eleccións de 1933, onde non consegue representación. Os acontecementos revolucionarios de 1934 mostran a escasa capacidade do proletariado galego para promover unha acción revolucionaria, mais a represión posterior vai significar unha maior organización do partido e o aumento e mobilización das súas bases. Co triunfo de 1936, a súa militancia creceu exponencialmente e por primeira vez parecían capaces de atraer ao campesiñado.
- O *Partido Comunista de España* (PCE). Durante a República, pasou de ser unha forza marxinal, cunha presenza testemuñal no Ferrol e Vigo, a un partido consolidado en vésperas da sublevación militar. Este crecemento débese á súa participación nos conflitos sociolaborais e a política de atraer a sociedades e sindicatos agrarios. O seu peso relativo foi recoñecido na elaboración das candidaturas conxuntas da FP. Na primavera do 36 os comunistas rexistran un incremento de militancia e fortalecen a súa organización interna, traballando por unir as reivindicacións urbanas ás campesiñas e apoiando con decisión a campaña do Estatuto.
- A *Confederación Nacional del Trabajo* (CNT). En si propia non era un partido político. Cunha implantación en numerosas vilas costeiras atlánticas, a persecución da Ditadura reduciu os seus integrantes. Un posicionamento relativamente moderado permitiu o ascenso da militancia, máis a represión despois da folga xeral de decembro de 1933 volveu mingualos. Nas eleccións do 36 moitos dos militantes anarquistas votaron á FP.

3.2.5. O nacionalismo


Fundación do Partido Galeguista

- O *Partido Galeguista* (PG). Xorde en 1931 coma confluencia de até 32 grupos diferenciados, posiblemente froito do escaso interese autonomista da ORGA e a causa do fracaso dunha constitución federal. Pretendían o dereito á autodeterminación, mais aceptaba o marco autonómico como un mínimo dende unha perspectiva federalista. A pesar do seu carácter integrador e interclasista, que se observa da convivencia no seu seo de correntes políticas mesmo opostas, o

PG careceu de tempo para ter unha verdadeira implantación social e unha estrutura organizativa. O seu maior éxito foi conseguir que a esquerda se comprometese na reclamación do Estatuto, que foi plebiscitado afirmativamente en xuño do 36, aínda que sen tempo para que as Cortes certificasen a súa aprobación.

•

3.3. A evolución política na II República

A lei electoral de 1907 de Maura que buscaba reducir o poder das redes caciquís provocou o efecto contrario ao dirixir os esforzos destas a conseguir que non existisen candidatos alternativos nas circunscricións que dominaban. A nova lei republicana deixou sen efecto esta disposición e substituiu os distritos uninominais por circunscricións provinciais e urbanas, para contrarrestar a capacidade de manipulación do sufraxio. Mais, aínda que a influencia dos notables locais se viu reducida, non desapareceu completamente. Na práctica continuou o permanente recurso ao nomeamento de xestoras locais polos gobernadores civís e a súa inclusión na cada vez máis estendida organización provincial dos partidos permitiulles conservar o seu papel de intermediarios na xestión do voto e do favor. Tampouco beneficiou as escasas novidades na elaboración do censo, o desenvolvemento das votacións e dos escrutinios, co peso que tiveron estes notables para lexitimar ou dar validez a un determinado proceso electoral. Porque os principais "cargos técnicos" municipais procedentes da Monarquía continuaron nos seus postos e mesmo participaban en bandos rivais que loitaban polo control da política municipal.

A II República optou por un sistema electoral maioritario que reservaba o 80% dos escanos para as candidaturas concorrentes polas maiorías, outorgando o 20% restante ás minorías. Cada votante elixía dentro dunhas listas abertas a un número de candidatos igual ao de deputados electos polas maiorías na provincia en que estaba censado: isto beneficiou que os notables locais de gran prestixio puidesen presentarse polas minorías coa esperanza de ser votados polos electores que conformaban a súa propia lista, mais non se rexistraron casos de candidatos electos por estas últimas que superasen en votos aos de menos votos non electos polas maiorías.

Calvo Sotelo nun acto de campaña electoral

3.3.1. O primeiro bienio

A campaña de xuño de 1931 caracterizouse polos baixos niveis de confrontación política, resultado de desconcerto e da desunión do bando das dereitas. Por outra banda, os republicanos beneficiáronse do control das altas instancias do poder, das corporacións provinciais e de numerosos concellos, así como do apoio co que contaron por parte de antigos notables locais que buscaban o acomodo. Na Coruña triunfou a coalición republicano-socialista, que obtivo 9 das 16 actas, fronte a unha esquerda que participou moi dividida. Polas minorías os postos quedaron para tres independentes dereitistas e para un candidato conservador.

Nas provincias do interior a dispersión do voto foi superior. En Lugo, os niveis de fraude foron tan elevados que houbo que repetir as eleccións en agosto, sendo o

partido máis votado o PR con 4 actas. En Ourense as dereitas concorreron polas minorías, mentres que o PR conseguiu 3 actas e o PRRS 2. Polo que respecta a Pontevedra, o seu comportamento electoral foi similar ao da Coruña, aínda que houbo máis partidos en liza. Venceu a coalición republicana-socialista,.

Estes resultados electorais amosan a complexidade do sistema de partidos galegos: os republicanos de esquerdas e os socialistas eran claramente dominantes nas provincias costeiras, estando asentados no interior mais cuns resultados modestos. Os radicais de Lerroux, con 11 escanos, situáronse como segunda forza a 3 escanos do ORGA e tres por riba dos socialistas, pero o esencial dos seus apoios correspondías ás provincias do interior, sendo a súa única acta en Pontevedra consecuencia de incluír ao seu candidato na lista coaligada republicana de esquerdas. A elección de candidatos independentes socioloxicamente integrados no espectro dereitista que se presentaron polas minorías mostra a persistencia de estruturas caciquís e a conservación do círculo de lealdades persoais.

3.3.2. O bienio de dereitas

O espectacular xiro electoral que vai provocar as eleccións do 33 veu precedido da continua perda de apoio popular dos partidos gobernantes, sumidos en numerosos debates abertos (o laicismo, a cuestión autonómica, o pronunciamento de Sanjurjo, a reforma militar, a política educativa, etc.).

Os católicos, conservadores e afíns comprenderon que era necesario actuar unidos, por riba das súas diferenzas, para obter un gran resultado electoral. Os seus esforzos foron máis visibles nas provincias costeiras, onde traballaron arduamente os seguidores de Gil Robles e onde a Igrexa xogou un papel fundamental para unificar este amplo espectro, xa mediando entre as partes, xa co papel que desempeñaron dos xornais católicos.

A participación popular situouse nuns niveis moi elevados, destacando Ourense cun 75%, Lugo en segundo lugar, A Coruña cun 60% e Pontevedra cun 55%. Estas porcentaxes, especialmente a ourensá, móstranos os grandes niveis de fraude e manipulación electoral. Polo que respecta aos resultados, o PR foi o grande triunfador con 15 escanos, repartidos nas catro circunscricións, seguidos da URD con 9 actas, mentres que RE obtivo outras sete. O PRG só obtivo 6 escanos, conseguidos na provincia da Coruña, ficando fóra do Parlamento republicanos-socialistas, socialistas, comunistas e galeguistas. Republicanos conservadores e independentes completaban a representación galega en Madrid.

3.3.3. As eleccións de 1936

As eleccións de 1931 e 1933 puxeron de manifesto a incapacidade de concorrer en solitario por parte das diferentes forzas políticas, polo que cómpre afondar na conformación de coalicións con forzas máis ou menos afíns. A dinámica da política interna e da política internacional tamén conducía á confrontación de forzas políticas antagónicas.

Os acontecementos revolucionarios tiveran un eco relativo en Galicia, declarándose paros xerais, en moitos casos solidarios, nas principais vilas galegas, que contaron cun seguimento desigual. Só no Ferrol e nalgúns puntos de Ourense e Lugo foi posible observar unha táctica insurreccional elaborada, coa intención mesmo de tomar o poder.

Cartaz electoral da Fronte Popular

Con todo, a represión foi notable, enchéndose os cárceres de presos, a maioría gobernativos mais outros resultado de tribunais de guerra, que non dubidaron en pór penas durísimas e mesmo exemplarizantes. Foron clausuradas numerosas sociedades obreiras e campesiñas, intervidos concellos acusados de colaborar con estas, mentres que na rúa xa eran visibles as accións violentas da Falanxe e dos JAP, cunha cada vez máis clara fascistización.

As esquerdas actuaron cunha maior previsión, sendo as súas candidatura negociadas en conxunto, mesmo dende Madrid. As dereitas non foron capaz de unificar as candidaturas, sen pórse de acordo no programa de mínimos nin na posición nas listas. Agaś en Lugo, tres listas disputaron por separado fronte á candidatura de esquerdas, onde concorrían IR, UR, PSOE, PCE, PG e Agrarios de Esquerdas, mentres que o PR competía polas minorías. As cifras de participación foron moi elevadas nas catro provincias, onde volveu destacar Ourense. Na provincia da Coruña as esquerdas non dubidaron en promover un xigantesco fraude para conseguir 13 actas, mentres que outras 3 foron para a CEDA e 1 para o independente dereitista Luís Cornide Quiroga. En Pontevedra obtiveron 10 escanos, fronte aos 3 que se repartiron a CEDA, a RE e o centrista Portela Valladares. Mais o contrario pasou nas provincias interiores: en Lugo candidatura gobernamental impúxose con 5 actas, mentres que en Ourense outra fraude permitiu que a Fronte Antirrevolucionaria obtivese 6 dos 7 candidatos.

O panorama político galego mostra as nítidas diferenzas entre as provinciais occidentais das orientais, as primieras de maior raigame de esquerdas, co triunfo dos republicanos de esquerdas e unha forte representación dos partidos obreiros, así como do PG que obtivo 3 escanos. Lugo e Ourense mantivéronse como redutos fieis ao caciquismo de dereitas.

Mais ante a visión de dous bloques antagonicamente enfrontados, en Galicia obsérvase unha competencia triangular, en grande parte polo manexo das respectivas redes clientelares, onde a esquerda republicana, obreira e galeguista obtén 26 actas, fronte ás 14 da Fronte Antirrevolucionaria e as nove dos centristas, de incluírmos nela aos agrarios e ao único deputado radical.

4. A SUBLEVACIÓN MILITAR

4.1. A conspiración contra a República

Xa antes de ter lugar as eleccións de febreiro diferentes gornicións de Galicia conspiraban abertamente, conectando con elementos civís con vistas a impulsar un golpe de forza pola posibilidade de que a esquerda, de ser derrotada nas eleccións, iniciase un proceso revolucionario. Varios responsables falanxistas reuníronse con José Antonio para promover unha sublevación militar e mesmo os ourensáns permaneceron acuartelados do 16 ao 17 de setembro á espera dun levantamento que non chegou a se producir, malia as presións de quen, como Franco, apoiaban unha declaración do estado de guerra para frear as masas.

Mais as actividades conspirativas non cesaron, sendo denunciadas, como é o caso do que fai a Alianza Obreira de Vigo. Malia os cambios e traslados que producen nos cuarteis, non se frea a conexión entre os conspiradores, producíndose contactos frecuentes até o verán. Non só se produciron contactos entre os militares, senón que se profundaron os contactos con elementos civís, prevendo unha futura constitución de “comités cívicos” que fosen o apoio ao levantamento militar. Con todo, o peso destes en Galicia debeu ser mínimo, malia a imaxe que posteriormente se tentou transmitir. Nos orixinais plans de Mola, contaba con que a sublevación triunfase sen case oposición e entendía fundamental o control da base do Ferrol, fundamental para o control marítimo de todo o Cantábrico.

4.2. O alzamento

Na Coruña téñense noticias da sublevación militar a mesma noite do 17 de xullo. O gobernador civil minimizou a importancia e as autoridades tardaron en reaccionar, impedindo o reparto de armas que solicitaran os anarquistas. Os militares tomarán o poder e ao día seguinte de controlar a resistencia, comezarán as execucións, comezando polo gobernador e os oficiais militares opostos ao golpe (Manuel Quesada, Gonzalo Tejero, o contralmirante Azarola ou os xenerais Salcedo e Caridad). Pouco despois continuarán os fusilamentos e os paseos dos líderes esquerdistas.

O acontecido na Coruña condicionou o sucedido nas restantes capitais e provincias. No Ferrol, tras unha tensa calma, os principais mandos uníronse á sublevación. Cando dende Madrid se ordenou a súa destitución, xa non acataban ordes do goberno. O mesmo aconteceu en Lugo, Santiago e Ourense, onde as forzas militares conseguiron dominar as cidades sen practicamente resistencia. En Pontevedra, o gobernador civil , desoíndo as advertencias, negouse a ordenar a detencións dos mandos militares implicados na conxunta e autorizar o reparto de armas. Os republicanos convocan unha folga xeral o día 19 e o 20, encabezados por Alexandre Bóveda, redactan unha serie de oficios para incautarse de materiais, armas e municións, mais a rápida acción dos militares sublevados permítelles rapidamente tomar o control da situación. En Vigo, malia a importante concentración obreira, os líderes obreiros non conseguen convencer ás autoridades para o reparto de armas. O día 20, cando se declara o estado de guerra, o exército dispara contra os manifestantes, asasinando a 26 persoas. A resistencia continuará dous días máis, pero o exército controlará a situación. Será Tui a última das cidades en se render aos sublevados.

Co triunfo dos sublevados, Galicia entrará dentro do bando franquista, sendo unha fonte de materiais e homes para o bando nacional, así como o escenario dunha salvaxe represión.

5. OS MOVEMENTOS POLÍTICOS E SOCIAIS EN GALICIA (1873-1936)

5.1. O movemento obreiro en Galicia

O movemento obreiro foi escasamente estudado pola historiografía galega pola preponderancia dos labregos.

O movemento obreiro en Galicia nace precedido dalgúns intentos de organización de organización obreirista no Sexenio Revolucionario e nos primeiros anos da Restauración, mais non van conseguir consolidarse. Nas nacentes sociedades obreiras da década de 1890 non haberá referencias aos intentos anteriores, polo que é nesta década onde se pode situar o nacemento do movemento obreiro en Galicia. Este movemento non xorde da dimensión política ou económica do sistema social, senón do propio devagar vital dos militantes e dirixentes obreiros, que saíran das súas aldeas ás vilas e cidades, onde tiveron que aprender a ser “xornaleiros” nun mundo dos oficios, servíndose da bagaxe que eses labregos traían do seu mundo comunitario.

En Galicia temos unha realidade policéntrica, non existindo un centro que capitalice o movemento. Pódese falar do peso relativo da Coruña, de Vigo, ou mesmo do Ferrol, Santiago ou Pontevedra. Reprodúcese o esquema de influencias comarcais, mais sen existir entidades comarcais formais.

- As sociedades obreiras permitiron aos inmigrantes rurais unha rápida integración no mundo do traballo urbano, facilitando a chegada de novos traballos, proceso que se acelerou a partir de 1920. Este aporte inmigrante foi a

mellor garantía da fortaleza da armazón asociativa obreirista, así como se apuntalou a integración do rural e do urbano na realidade económica galega.

- As sociedades obreiras integraron nunha mesma categoría de obreiros a todos os traballadores, facilitando a integración social da clase traballadora, xa que eran conscientes das disparidades laborais que existían. Esta circunstancia foi decisiva para a creación dun mercado de produtos e de servizos orientados á clase media, antes que en Galicia existise esa clase media.
- O movemento obreiro foi unha engranaxe na maquinaria no paso dunha economía do Antigo Réxime que asistira a un proceso de desindustrialización na primeira metade do s. XIX a unha economía en franco despegue no primeiro terzo do s. XX. Estábanse a crear, como apunta Carmona "*as bases dun crecemento económico autosostido*" que estaba a ter lugar sen o trauma social da emigración masiva a América. A malla societaria garantía o desenvolvemento de potencialidades vitais para os traballadores galegos.

O movemento obreiro non foi o único protagonista do artellamento da sociedade civil galega, senón que foi o resultado dunha conxunción de forzas distintas que se relacionaban de distintos modos entre si. É o caso do republicanismo, que se aliou dunha forma clara co movemento obreiro creando unha identidade política común durante os anos de oposición á Monarquía. As experiencias de conflito e represión, as relacións informais e o papel protector exercido polos republicanos sobre os obreiros, axudou profundamente a está unión a pesar das desavinzas. O caso paradigmático é o da cidade da Coruña, onde a conxunción republicana-obreira permitiu que a maioría municipal pasase a mans republicanas dende o momento que os obreiros puideron votar (1891). Esta conxunción reproduciuse a menor escala en Pontevedra, onde republicanos e socialistas tiveron a capacidade de participar na creación das primeiras sociedades agrarias de Galicia, ou no caso de Vigo-Lavadores. Unha colaboración que foi sumamente creativa no plano educativo e cultural, constituíndo as bases da até entón inexistente cultura urbana de Galicia, que se erixiu sobre os piares da identidade política de republicanos e obreiristas. Dende principios do s. XX ambos os dous movementos converteron os núcleos urbanos galegos en centros políticos e de irradiación de ideas, de tal xeito que se produciu un desprazamento do centro de gravidade revolucionario: do rural ao urbano.

A integración entre movemento obreiro e republicanismo non se alcanzou con outros movementos ou grupos, como o agrarismo, o asociacionismo da emigración, o nacionalismo ou, dende logo, co catolicismo social e a dereita antiliberal. As razóns é que se percibía unha identificación política entre republicanos e obreiros. O agrarismo e o asociacionismo da emigración baseaban a súa forza no principio de manter a unidade da comunidade por riba das diverxencias político-ideolóxicas, o que significaba que no seu seo non existía unha identidade política conformada, agrupando a identidades políticas diferentes e mesmo contraditorias.

O republicanismo e o movemento obreiro defenderon o laicismo como único xeito de entender o Estado, o que significaba un anclericalismo, entendido como unha oposición ao poder da Igrexa e dos grupos sociais tradicionalmente hexemónicos de Galicia. Laicismo era igual a República, progreso, racionalismo e sentimento ilustrado. Houbo un distanciamento co nacionalismo porque até os anos 60 non se definirá cunha identidade política maioritaria de esquerdas, así como entre os agraristas, que vían na entrada das ideas obreiristas no mundo rural como un ataque aos seus propios intereses como pequenos propietarios.

Polo que se refire á composición do movemento obreiro:

- Dentro do movemento obreiro cómpre falar máis dunha diversidade de correntes antes que de división interna. A causa desta unidade de fondo descansa en que os valores substanciais que defendían transcendían ao

pragmatismo político, centrándose na reclamación e extensión de dereitos e deberes da cidadanía.

- O predominio do sindicalismo sobre os partidos políticos obreiros é evidente no conxunto do Estado. Este desequilibrio reflicte o distanciamento entre poder político e sociedade civil. O PSOE era o único partido "moderno" que funcionaba realmente neste período, sendo imposible que acadase cotas de poder no marco do período de quendas. Mesmo na II República, non existiu outra alternativa para que o movemento obreiro se puidese sentir representado no eido político.
- O movemento obreiro en Galicia reflicte a diversidade mesma que ten lugar a escala estatal, facendo seu outras reivindicacións: a descentralización, o recoñecemento das nacionalidades históricas, os dereitos culturais e lingüísticas como elemento de xustiza social cara aos máis humildes, a estrutura federal ou confederal, a igualdade de oportunidades, formaban parte do programa na nosa terra.

Malia a suspensión total e temporal das súas actividades durante a Ditadura de Primo de Rivera, este foi un período crucial na configuración e desenvolvemento do movemento obreiro en Galicia, co inicio das folgas, que deixaron atrás os conflitos de "taller", a renovación xeracional dos líderes obreiros, nados na súa maioría no mundo urbano, pasando os primeiros a ocupar postos de responsabilidade imposibles até ese momento a un traballador, coma deputado ou alcalde. A función pública permitiulles xogar un papel de "facilitadores", aumentando o seu poder político e creando unha especie de clientelismo "de esquerdas". A posibilidade real de exercer cargos políticos de relevancia aumentou a unión entre os sectores afíns ao obreirismo e o sistema político-social, de xeito que a defensa da República converteuse na defensa dun propio.

No bienio dereitista asistimos a unha progresiva radicalización dos anarquistas, que van convocar tres folgas xerais, a primeira por motivos laborais (nos estaleiros ferroláns) e outras dúas con finalidade política. Mentres, a UGT mantivo unha liña máis moderada, coa excepción de conflitos puntuais. Haberá que agardar até a chegada da Fronte Popular para asistir a aparición dos primeiros núcleos sindicais comunistas.

No período da Fronte Popular produciuse un crecemento espectacular da afiliación sindical, falándose de máis de 40.000 afiliados á CNT e 45.000 á UGT.

Entre as reivindicacións asumidas polo conxunto do movemento obreiro, destacamos:

- A universalización dos dereitos civís e políticos como a liberdade de expresión, de reunión, de manifestación, de sindicación e de agrupación política, a través da súa realización práctica baixo a forma de acción colectiva.
- A conversión do asistencialismo e da beneficiencia privada en dereitos sociais amparados polo Estado.
- A denuncia da arbitrariedade represiva e da capacidade coercitiva das autoridades no exercicio das funcións policiais.
- A liberdade de conciencia e de pensamento.
- O dereito das mulleres á participación política e social a través da súa incorporación á vida sindical e política do movemento obreiro.
- O fomento de valores como o antimilitarismo, o racionalismo ou o postivismo científico.
- O dereito dos pobos a se gobernaren autonomamente, recoñecendo as singularidades culturais de cada nación e autodeterminación dos individuos

A sublevación de 1936 supuxo a eliminación deste movemento, de modo sistemático e perfectamente planificado: asasinouse aos dirixentes máis importantes, a

militantes de base, mandando a outros ao exilio e ao cárcere, impedindo co medo a posibilidade de se reorganizaren. O policentrismo dificultou a capacidade de resistencia do movemento, impedindo que os obreiros puidesen facer fronte coas armas aos militares sublevados.

5.2. O agrarismo e a sociedade campesiña en Galicia

O profesor M. Cabo Villaverde presenta así o movemento agrarista en Galicia: "*Un complexo movemento que tenta mobilizar un grupo social, como era o campesiñado que ata aquela non atopara unha expresión propia dos seus intereses, con vistas á consecución dun amplo abano de metas que principalmente se poden resumir en dúas aspiracións: a obtención das condicións que fagan factible a sobrevivencia da pequena explotación familiar no marco dunha economía capitalista cada vez máis invasiva, e a articulación política dos intereses do campesiñado parcelario galego, até polo en pé de igualdade cos dos outros complexos agrarios existentes no Estado español e cos dos outros grupos sociais*".

Seguindo a este mesmo autor, cómpre establecer tres niveis dentro do plural movemento agrario galego, sen que isto impida a interacción entre eles:

- O agrarismo societario, entendido como fórmula organizativa que mellor se acomoda ás condicións da realidade do agro galego para superar as dificultades de adaptación ao mercado e ao Estado liberal.
- O agrarismo agronómico, orientado a procurar a introdución e difusión das innovacións técnicas e estruturais necesarias para facer progresar a agricultura galega (e especialmente a gandería), colocándoa nos niveis máis avanzados de Europa.
- O agrarismo politicamente autónomo, entendendo por tal os proxectos propios de mobilización e (auto)organización campesiña que terían como ideal final constituírse nunha especie de Partido Agrario e hexemonizar a representación política do pobo galego identificado exclusivamente coa ruralidade.
-

Abriendo el Surco, de B. Alvárez, unha das obras chaves do agrarismo

Será a partir de 1906, cando apareza a Lei de sindicatos agrícolas, cando o agrarismo alcance a súa maioría de idade. Até a Ditadura de Primo de Rivera, os autores distinguen tres fases do agrarismo:

- As **orixes** (1886-1906): É unha etapa preparatoria e mesmo prepolítica, onde se sentas as bases do agrarismo.
- O **agrarismo entre 1907-1918**: Neste período coinciden varias forzas agrarias, o chamado agrarismo solidario, a *Unión Campesiña* de tendencia anarquista, os *antiforistas de Teis*, a *Acción Gallega* liderada por Basilio Álvarez, así como un último intento por unificar as distintas forzas nas Asembleas de Monforte. Todas estas forzas conseguiron que o ideario agrarista penetrase no rural galego, nunha época marcada pola forte represión, dirixida dende a oligarquía caciquil, apoiada polas forzas da orde pública. Así se sucederán enfrontamentos con vítimas mortais, como é o caso de Oseira (1909) ou Cans

(Porto do Son, 1916). Malia a represión, o agrarismo consolídase na nosa terra, contabilizándose unhas 272 sociedades agrarias e gandeiras en 1915.

- A **plenitude do agrarismo** (1918-1923): Neste momento comeza a aproximación do agrarismo ao movemento obreiro. Tamén comezan a tomar corpo as sociedades católicas que, como indicamos, xogaron un papel tan importante na época da Ditadura. Os autores non se poñen de acordo para cualificar a pluralidade das forzas agraristas, se pluripartidista ou multipartidista, mais cómpre destacar a importante dimensión que toman. Dous serán os temas que centren as súas reivindicacións: a supresión do foro e o intento de obter deputados que defendesen no Parlamento os intereses das sociedades agrarias. A cuestión do foro retómase dende un posicionamento máis radical, porque fronte ao redencionismo foise impoñendo a idea do abolicionismo, é dicir, a consolidación da propiedade plena en mans do campesiñado sen indemnización ningunha ao propietario do terreo. Polo que respecta á representación parlamentaria, entenderon que era necesario atacar as bases do poder caciquil, mais malia todos os seus esforzos os resultados electorais foron decepcionantes.
- O agrarismo durante a Ditadura (1923-1931): Este período supuxo un freo na expansión das sociedades agrarias. Moitos dos dirixentes agrarios católicos pasaron a formar parte da Unión Patriótica. Por outra parte, coa aprobación do "Decreto de Redención Foral" (1926) os labregos xa tiñan un instrumento legal para proceder á redención dos foros. A actividade das sociedades derivou cara a postulados máis pragmáticos, orientados á modernización das explotacións agrarias, no que os sindicatos católicos van exercer un importante laboral. Á fin deste período o movemento agrarista aparece fragmentado e paralizado.
- O agrarismo na II República: Nesta etapa asistimos á recuperación dos sindicatos agrarios de orientación anarquista e socialista. O proceso de reordenación do movemento vese reflectido na tentativa de constituír un partido político, o Partido Agrario Galego, que fracasou rapidamente. Xa no 1936 un dirixente agrario, Alonso Ríos, conseguirá un escano no Parlamento nas listas da Fronte Popular.

5.3. Do galeguismo ao nacionalismo

Como xa indicamos no tema 4, a representación política das ideas galeguistas desaparecera da vida pública despois do fracaso dos provincialistas co pronunciamento de 1846 e a posterior represión gobernamental. Deste xeito, as ideas galeguistas ficaron restrinxidas ao eido cultural, onde se vai desenvolver unha importante actividade, que por unha banda deron un corpo intelectual á reivindicación de Galicia e, por outra, fixeron rexurdir o noso idioma consolidándoo como lingua literaria. A publicación das obras de Rosalía, Pondal e Curros, a aparición da prensa en Galego ou a publicación da "Historia de Galicia" de Murguía, permitiron avanzar no concepto de Galicia coma nación, o que supuxo un avance cualitativo na evolución do galeguismo.

5.3.1. O Rexionalismo

Na primeira década da Restauración o provincialismo reactivarase. A publicación da obra *Los Precursores* de Murguía, así como un artigo que escrebe para *La Región Gallega* onde define Galicia como nación, vai abrir unha nova etapa no pensamento galeguista, o Rexionalismo.

O Rexionalismo non foi un movemento unitario, senón que uniu a tres correntes de pensamento diferenciadas que tiñan en común a crítica das eivas do sistema político da Restauración, especialmente o centralismo, o caciquismo e a orientación

económica de Galicia, dependente, atrasada e que forzaba á emigración a un grande número de galegos. As tres correntes eran as seguintes:

- Unha corrente liberal, de tendencia democrática e progresista. Encabezada por Manuel Murguía, era a herdeira dos postulados do provincialismo, defendendo unha descentralización política, económica e cultural, reclamando un poder lexislativo propio para Galicia. Foi a máis importante.
- Unha corrente tradicionalista, onde o seu principal ideólogo era Alfredo Brañas, coa súa obra *El Regionalismo*. Defendía unha descentralización do Estado dende uns principios antiliberais e anticapitalismas, reclamando á volta a formas de produción gremial.
- Unha corrente federalista, encabezada por Aureliano Pereira, conformaba por membros do partido republicano federal, defendendo a constitución dun Estado galego, sendo a corrente máis minoritaria.

As tres correntes tiñan en común a consideración de Galicia como unha nacionalidade que tiña dereito a recuperar os seus sinais de identidade culturais e lingüísticos, así como a gozar dunha autonomía política. Para intentar integrar as correntes constituíuse a *Asociación Regionalista Gallega*, fundada en 1981 e presidida por Murguía, que fomentou unha campaña de difusión dos ideais rexionalistas. Mais o Rexionalismo amosou sempre unha grande febleza organizativa, fracasando no intento de mobilizar aos diferentes grupos sociais.

5.3.2. A Solidariedade Galega

A principios do s. XX, seguindo o exemplo do éxito de *Solidaritat Catalana* nas eleccións de 1907, promóvese na Coruña a constitución da Solidariedade Galega, que vai unir nas súas filas aos membros das forzas que se opuñan ao sistema de aquendamento, agás as proletarias. Empregando as revistas *Galicia Solidaria* e *A Nosa Terra*, promoveron unha campaña anticaciquil artellando unha forza electoral, cuns resultados negativos agás na provincia da Coruña, polo que se viron obrigados a mudar os seus obxectivos, centrando os seus esforzos na constitución de sociedades agrarias. Se ben dende o punto de vista teórico non aportou novidades, permitiu achegar ao galeguismo a diferentes fraccións políticas galegas.

5.3.3. As Irmandades da Fala

A fundación na cidade da Coruña da primeira “Irmandade de Amigos da Fala” en 1916 convértese na primeira iniciativa para artellar aos herdeiros das ideas rexionalistas. Malia que nacen cunha vocación de difusión cultural, nel van aparecer por primeira vez a declaración expresa de Galicia como nación, co que se desenvolve o nacionalismo. Isto é posible grazas ao labor de Vicente Risco, así como ao *Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo* (1918), onde se establecen as bases organizativas do movemento que o configuran coma un verdadeiro partido político. Segundo Beramendi, promóvese un partido “de organización democrática e estrutura formalmente federal”, que quere orientarse ás clases medias urbanas, encadrando ao mesmo tempo ao campesiñado galego.

No seu programa político facían fincapé en:

- A necesidade dunha autonomía integral para Galicia.
- Atención especial ao campesiñado e ao problema foral.
- Dende o punto de vista económico, atención á produción agropecuaria e aposta por unha política librecambista.

A nova forza política presentaba unhas indefinicións ideolóxicas que se fixeron patente na cuestión electoral, ao se enfrontaren dous orientacións enfrontadas: quen defendían a participación nas eleccións contra os partidarios da abstención,

encabezados por Vicente Risco. Esta confrontación vai seguir presente durante todo o período sen que se adopte unha posición de consenso.

Consecuencia dese desencontro, en 1922 fúndase a Irmandade Nacionalista Galega, que pretendía constituírse na dirección política do campesiñado galego, dende un posicionamento de abstencionismo radical no sistema electoral da Restauración. Sen contaren nunca cun grande apoio social, a chegada da Ditadura cortou a súa posible expansión, malia a posición benevolente coa que Risco apoiou a súa chegada (fronte ao sector coruñés, que sempre defendeu a participación electoral, e que agora vaise opor totalmente á ditadura de Primo de Rivera).

Durante a Ditadura de Primo de Rivera a presenza das Irmandades esmoreceu, uníndose un dos seus grupos, o sector coruñés, á ORGA.

5.3.4. O Partido Galeguista

A proclamación da II República vai permitir aumentar o grao de participación social e política, en especial no eido electoral. Por outra banda era posible modificar á estrutura organizativa do Estado na busca dun recoñecemento das autonomías e, consecuentemente, dun autogoberno para Galicia.

O devalar da situación política acelerou a aceptación da necesidade de unificar as distintas organizacións nacionalistas existentes nunha alternativa política común, o Partido Galeguista. Así, xa en decembro de 1931 ten lugar a súa Asemblea Constituínte na cidade de Pontevedra, na que participaron 80 persoas, xa representando a diversos colectivos ou ben a título individual, como é o caso de Castelao, Otero Pedraio ou Suárez Picallo, deputados nas Cortes Constituíntes.

Cartaz da Campaña do Estatuto do 36

O programa político do Partido Galeguista era moi semellante ao das Irmandades, sendo un acordo de compromiso no que coubesen as diferentes correntes ideolóxicas que o conformaban. Deste xeito, había trazos dunha ideoloxía tradicionalista e idealista, que afirmaba a nación como fenómeno natural, a vinculación do galego co rural, a defensa do cooperativismo ou a dualidade urbano-rural entendida coma unha relación de opresor-oprimido, así como outros conceptos máis progresistas: a introdución do concepto de autodeterminación, as primeiras mencións ao proletariado ou a defensa da extinción forzosa das rendas forais sen cargo para o campesiñado.

A súa debilidade organizativa e a súa escasa implantación social non lle permitiu facer forza na defensa das posturas autonomistas. Por outra banda, tampouco contou co apoio de republicanos e das forzas obreiras, ficando o nacionalismo político como unha forza residual. Esta situación de illamento foi a que forzou, tras importantes debates internos, a necesidade dunhas alianzas políticas coas forzas republicanas e de esquerdas, único camiño para que o Estatuto de Autonomía puidese saír adiante. Deste xeito xorde o pacto asinado coa I*zquierda Republicana*.

O fracaso electoral de 1933 axudou a clarificar o posicionamento político e ideolóxico do PG, que pasou a ser comandado polo sector máis progresista (Castelao, Bóveda, Suárez Picallo, etc.). A aposta polo republicanismo, o antifascismo, a identificación do nacionalismo cos sectores populares levou, en 1935, á escisión do sector conservador do partido, que funda "*Dereita Galeguista*".

Xa non existía ningún impedimento para que en 1936 o PG se unise á Fronte Popular, introducindo a cuestión autonomista nas reivindicacións da esquerda. O triunfo electoral, a aprobación do Estatuto de Autonomía (28 de xuño de 1936), só puido tramitarse en plena Guerra Civil porque o golpe de Estado ía interromper o desenvolvemento do galeguismo.

6. BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. *A Gran Historia de Galicia, tomos 24-25,* A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.

DE JUANA, J.; PRADA, J. *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 2005.

OBELLEIRO, L. E ALONSO, B. "Idade Contemporánea", en *Historia de Galicia*, Promocións Culturais Galegas, Vigo, 1991.

VILLARES, R. *Historia de Galicia*, Vigo, Ed. Galaxia, 2004